



NOTA DE PRENSA

09_12_2011

Ofeitooaman 2011 no exterior do Centro Comercial A Laxe

Este ano a feira de artesanía Ofeitooaman cambia de ubicación. Despois de estar durante varias edicións na Praza da Estación, nesta ocasión montarase no exterior do Centro Comercial A Laxe, fronte a Estación Marítima de Trasatlánticos de Vigo.

A que será a edición XXVII desta feira, que se comenzou a celebrar en 1985, abrirá as súas casetas a partir do día 17 de decembro e ata o 5 de xaneiro, ambos incluídos.

Ofeitooaman estrea montaxe en casetas máis amplas e robustas que permitirán unha mellor presentación e comodidade para os visitantes.

Participarán 27 expositores, todos procedentes de Galicia excepto un invitado de Portugal.

Como nos últimos anos Ofeitooaman forma parte das accións de promoción máis importantes da Artesanía de Galicia e conta co apoio da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e da Xunta de Galicia.

Máis información en www.ofeitooaman.org, con xeolocalizador; listado de expositores, descrición dos produtos, e enlace a www.galegadeartisans.org onde se poden ver fotografías das pezas dos expositores galegos e tamén do resto dos membros da Asociación Galega de Artesáns.

Horario: 17 de decembro: Inauguración ás 11:30 h.

Resto dos días de 11 a 14 e de 16:30 a 21 h.

Días 24 e 31 pechará ás 19 h.

> Días 25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado

Estamos a vosa disposición tamén no:

639 953 401 (Manuel González, presidente da asociación)